

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA
--

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023, pola Excm. Sra. Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Don....., con DNI....., que intervéñ neste acto en calidade de representante legal da Fundación Down Compostela, con número de identificación fiscal G-70040258 e domicilio social na rúa Alejandro Novo González, nº 1.- baixo 15706, en Santiago de Compostela, entidade sen ánimo de lucro (ONG) constituída no ano 2006 ao abeiro da lexislación, e declarada de interese social pola Orde de 8 de Marzo de 2006 (DOG, nº 59, do 24 de marzo) e Fundación de interese galego pola Orde do 25 de abril de 2006 (DOG, nº 87, do 8 de maio) figurando inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2006/1, actuando como presidente do padroado e conforme as competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 18 dos estatutos

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 1º.2 que os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social e o artigo 2º.3 da referida Lei incide en que serán os poderes públicos os que fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan correspondendo aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local así como a promoción e coordinación dos servizos sociais

Segundo.

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Terceiro

A **Fundación Down Compostela** constitúese en Santiago de Compostela, no ano 2006, conformado o Padroado da Fundación: Asociación Down Compostela, O Concello de Santiago de Compostela, A Universidade de Santiago de Compostela e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela.

Por Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 8 de marzo de 2006 (D.O.G. nº59, do 24 de marzo), clasifícase de interese social a Fundación Down Compostela. A través da Orde do 25 de abril de 2006 (D.O.G. nº 87, do 8 de maio), declárase de interese galego e se ordea a inscrición no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego da Fundación Down Compostela; figurando inscrita co número 2006 /1, na sección da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A Fundación figura inscrita así mesmo, no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar - no eido da discapacidade, nas áreas de actuación de Familia, Infancia, Menores e Muller, por resolución do 3 de xullo de 2006, co número F -01993 e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar - no eido da discapacidade por Resolución do 3 de xullo de 2006, figurando no devandito rexistro co número VP -2066.

Dende o 2006 figura no Rexistro de organizacións de iniciativa social - Grupo socio-sanitario do consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Santiago.

Dende a súa creación, a Fundación ven desenvolvendo diversas actividades e ten por obxecto segundo o recollido nos seus Estatutos: “ (...) *a promoción e realización de todas cantas actividades contribúan á mellora das condicións e da calidade de vida das persoas con Síndrome de Down, procurando a súa plena integración familiar, escolar, social e laboral; e o desenvolvemento dunha vida normal, nun marco de solidariedade respecto doutras discapacidades.*

No marco de normalización e respecto á diversidade, e para conseguir unha mellor integración social, a Fundación, no desenvolvemento dos seus fins, promoverá relacións con outras persoas e colectivos, públicos ou privados, con fins análogos ós seus propios, sendo as súas actividades fundacionais:

- 1) Promover e potenciar a realización de estudos ou investigacións nos campos da Medicina, Psicoloxía, Educación, Socioloxía, Dereito e outras ciencias, relacionadas co coñecemento das causas e efectos da Síndrome de Down e outras discapacidades, así como a aplicación das medidas de toda índole que poidan contribuír á mellora da saúde e potenciación do desenvolvemento integral e da vida en sociedade das persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 2) Promover e financiar a edición e distribución de publicacións, a celebración de cursos, congresos e conferencias e, en xeral, a realización de calquera outra actividade que posibiliten a información e formación de pais, titores e profesionais relacionados coas persoas que teñen Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 3) Promover ou realizar actividades relacionadas coa formación permanente do profesorado.
- 4) Realizar actividades de prevención e facilitar servizos de información, orientación e apoio ás familias nas que algúns dos seus membros teña Síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Promover e proporcionar o apoio formativo e psicosocial necesario para detectar, previr e superar as situacións de desprotección e outras dificultades na familia, así como para crear nela un entorno que favoreza a integración e la autonomía persoal. Colaborar na formación e preparación dos que tutelan, coidan ou conviven con persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, co fin de mellorar a súa capacitación en interese destes.

- 5) Procurar que os diversos servizos e axudas existentes sexan empregados polas persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, sen discriminación algunha por motivos económicos, sociais, políticos, relixiosos ou de calquera outra índole.
- 6) Procurar que toda persoa con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual reciba os servizos que precise, chegando incluso á prestación de axuda económica, material e persoal cando resultara imprescindible, unha vez esgotadas as vías públicas de subvención, exercendo tarefas de intermediación nas relacións dos beneficiarios coas administracións públicas.
- 7) Promover a creación, se se considerara necesario, de aqueles servizos que poidan axudar a mellorar a asistencia, coidado, educación, desenvolvemento, formación, actividade laboral e aproveitamento do tempo libre, e todas aquelas outras facetas que contribúan a mellorar a calidade de vida das persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Con este obxectivo impulsarase, e no seu caso facilitarase, a atención temperá, os programas persoais de desenvolvemento psicomotriz e cognitivo, o reforzo educativo e a formación e apoio prelaboral e laboral. Así mesmo facilitarase no posible o aloxamento independente de acordo con criterios de oportunidade e responsabilidade.
- 8) Difundir os principios da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e vixiar e impulsar o seu cumprimento. Participar na educación e sensibilización da sociedade na solidariedade e o respecto dos dereitos das persoas con discapacidade.
- 9) Colaborar e intercambiar información, experiencias e servizos con outras persoas ou entidades que realicen actividades tendentes a fins análogos.
- 10) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 11) Promover proxectos de integración familiar, escolar, laboral, social e programas de saúde.
- 12) Fomentar a promoción da muller con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual en tódolos ámbitos.
- 13) Fomentar todas aquelas políticas dirixidas a excluír e suprimir a discriminación das persoas coa Síndrome de Down e outras discapacidades.

- 14) Favorecer a inclusión social das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual, abordando as desvantaxes educativas e aumentando a súa participación no mercado de traballo, entre outras medidas, para lograr unha igualdade real de oportunidades en tódolos ámbitos.
- 15) Promover e organizar actividades de ocio e tempo libre dirixidas a mozos e mozas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, que fomenten a súa participación na sociedade e, polo tanto, a súa integración social, podendo crear, chegado o caso, unha sección xuvenil.
- 16) Mellorar os mecanismos existentes para a defensa dos dereitos das persoas maiores coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e proporcionar e promover accións de envellecemento activo e participación social, así como a prestación de servizos eficaces para mellorar a súa calidade de vida.
- 17) Promover e fomentar a implicación e participación dos voluntarios nas fins da fundación, podendo, para iso, elaborar un plan de voluntariado.
- 18) Exercer o dereito de voz en representación das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual en cuestións de interese xeral, a petición delas ou dos seus pais ou titores legais, diante de institucións, entidades privadas, organismos ou a administración local, provincial, autonómica e estatal ou de ámbito supranacional.
- 19) Evitar e, se fora necesario, denunciar a todas aquelas persoas, entidades, colectivos ou grupos, sexan da natureza privada ou pública, cuxas condutas atenten e poñan en risco os dereitos e intereses lexítimos das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 20) Exercer a tutela de persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual.
- 21) Participar en sociedades mercantís e desenvolver calquera tipo de actividade económica, cos límites e esixencias legais, en beneficio das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, xa sexa para financiar actuacións ou para facilitar a súa formación laboral e emprego.
- 22) Calquera outra que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down ou discapacidade intelectual e á realización das fins da fundación.

Cuarto.-

O Concello de Santiago de Compostela entende que a actividade da **FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA** é de interese social/xeral para o conxunto da comunidade e, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se ven producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Quinto.-

A UNDACIÓN DOWN COMPOSTELA é unha entidade con plena capacidade xurídica e plena capacidade de obrar que por razón da súa actividade non queda en relación de dependencia con respecto o Concello de Santiago de Compostela. Polo tanto, este non será responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase se puidesen producir durante o desenvolvemento da actividade.

Sexta.-

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LGS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos.

O programa financiado obxecto do convenio, ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social e de promoción dunha finalidade pública.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración.

Sétima.

Podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como a pedimento da entidade interesada, a **Fundación Down Compostela** atendendo ao requirimento municipal, presentou por rexistro o día 28/03/2025 a documentación necesaria para a subscripción do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LGS, e previa contemplación do gasto e concesión nos Orzamento Municipal do Concello de Santiago de Compostela 2025 dunha subvención nominativa a **Fundación Down Compostela** para contribuír ao financiamento do *Proxecto de Vida Independente: “Esto é Vida”* por importe 15.000 €, gasto imputable á aplicación orzamentaria 020 23100 4800019 procedese a subscribir o presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/ xeral descrito.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- **PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: “ESTO É VIDA”**

Para levar a cabo este proxecto ou programa o custe total aproximado, ascende a un total de **52.786,02 € (CINCuenta e DOUS MIL SETECENTOS OITENTA e SEIS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS DE EURO)** (Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).

Así mesmo, a través do presente convenio a entidade ofrecese ó Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

SEGUNDA.- CONTIDO.

- **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: “ESTO É VIDA”

- **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

Segundo a Convención dos Dereitos das persoas con discapacidade, vivir de forma independente significa que as persoas con discapacidade, contén cos medios necesarios para poder ter opcións na súa vida e participar da toma de decisións como axentes activos.

Cada persoa debe poder ser protagonista da súa propia vida, indistintamente das súas características persoais. A vida independente é un dereito para todas as persoas que queiran exercelo.

O programa de vida Independente da Fundación Down Compostela despois de varios anos traballando de cara o fomento da autonomía das persoas usuarias da entidade en todos os seus ámbitos, busca como obxectivo implementar estancias na vivenda onde poidan ter o seu espazo, enfrontarse ao día a día ca maior normalidade e autonomía posible, fomentar a autoxestión e por suposto, mellorar a súa calidade de vida.

Tres persoas convivirán no piso, co apoio das profesionais da entidade (1 coordinadora, 2 técnicos de apoio) facendo realidade a súa primeira experiencia de Vida independente con apoio, debemos abordar unha serie de cuestións incluídas nas fases establecidas que se detallan de seguido:

1º Manter reunión informativa coas familias e persoas usuarias, tanto ao inicio de cada experiencia, como no desenvolvemento destas, para informar da evolución das persoas usuarias no proxecto ás súas familias así como para tratar medos e preocupacións que xorden, como é natural, en procesos da vida autónoma e independente como este. Do mesmo xeito, lévanse a cabo reunións ao final de cada estancia, para coñecer o grao de satisfacción de participantes e familias e realizar avaliacións de mellora.

2º Seleccionar as novas persoas participantes, posto que se trata dun proxecto piloto que conta só cunha vivenda para o desenvolvemento e son moitas as persoas usuarias da entidade que amosan a súa intención de participar.

3º Realizar as entrevistas para a recollida de datos

4º Xestión e organización de toda a documentación que deben cubrir e firmar as familias e persoas participantes.

5º Calendarización da entrada na vivenda. Nesta actuación, contémpanse as sesións de PRE-Vivenda e a Pernocta escalonada

6º Avaliación do Programa

7º Propostas de mellora

Enténdese a Autodeterminación como a capacidade para actuar como o principal axente da propia vida, realizar eleccións e tomar decisións relativas a un memo, libres de influencias ou interferencias externas (Wehmeyer 1996). Por iso, dende a Fundación Down Compostela preténdese ser fieis a esa definición, promovendo que as persoas con síndrome de Down que participen neste programa, concretamente 3 persoas usuarias, sexan donas dos seus obxectivos persoais de xeito coherente cos seus desexos e necesidades, con apoio dunha persoa mediadora, respetando sempre os seus intereses, gustos e ideas. Consolidar o rol da persoa adulta con todos os seus dereitos e deberes.

O dereito a unha vida independente require un cambio de mirada cara as persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual. Isto significa o respecto a súa plena condición de cidadán, polo que debemos ter en conta que é un proceso no que o compromiso dos apoios naturais é fundamental, sempre dende o concepto de autodeterminación.

OBXECTIVOS E PRIORIDADES:

Obxectivo Xeral: O obxectivo principal é o de facilitar as persoas participantes, unha vivenda e as estratexias necesarias para poder levar a cabo unha experiencia de vida independente con apoio, fomentando a autodeterminación, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento pleno do rol de persoa adulta.

Obxectivos específicos:

- Potenciar a autonomía persoal e o benestar da persoa.

- Favorecer unha autodeterminación real. Que as decisións e elección das persoas usuarias sexan propias.
- Decidir cómo queren vivir e respectalo.
- Ofrecer unha experiencia de vida fóra do domicilio familiar.
- Construír un proxecto de vida propio.
- Empregar os apoios naturais (familia, traballo, comunidade..) co obxectivo de construír unha rede de apoio natural e o máis estable posible.
- Fomentar a axuda entre iguais.
- Autoxestionarse (cartos, alimentación, traballo, ocio)
- - Aprender a resolver conflitos de xeito natural.

ÁMBITO TERRITORIAL

O proxecto de Vida Independente “Esto é Vida” lévase a cabo, na vivenda de Fontiñas cedida polo IGVS (rúa Estocolmo, nº 10), onde se leva a cabo a aprendizaxe práctica do proxecto.

Ademais, contéplase unha formación orientada a autonomía urbana e doméstica, polo que se realizan actividades relacionadas co proxecto en diferentes comercios da cidade, transporte urbano, tendas de barrio...

PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

As persoas destinatarias son persoas usuarias da Fundación Down Compostela, coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual maiores de 18 anos con certificado de discapacidade igual ou superior o 33% e que cumpran os seguintes requisitos:

- .- Ser una persoa usuaria da Fundación Down Compostela
- .- Ter máis de 18 anos
- .- Querer participar voluntariamente
- .- Ser usuaria do programa de Emprego con Apoio da Fundación Down Compostela
- .- Ter un contrato de traballo vixente

Establécese como requisito ser unha persoa traballadora en activo, porque o programa pretende darlle a oportunidade ás persoas de aprender a vivir de xeito independente para que

logo o poidan facer polos seus propios medios. Trátase dunha etapa vital mais que se pretende facilitar.

Nº de persoas beneficiarias directas: 4

Mulleres e homes: 2 mulleres e 2 homes.

Coa Síndrome de Down: 4 persoas coa Síndrome de Down

Persoas beneficiarias indirectas: as familias e a sociedade en xeral da que forman parte estas persoas como cidadáns activos, independentes e de pleno dereito.

IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO

Todas as actividades e proxectos que favorezan a autonomía contribúen a diminuír os niveis de dependencia das persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Favorecen por tanto a capacidade para poder decidir sobre a súa vida e poder elixir, sen ter que depender de outras persoas para realizar actividades vitais, de lecer, de formación...

A visibilidade das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual en xeral e a demostración das súas capacidades nas contornas ordinarias, favorece a inclusión e mellora da súa calidade de vida, grazas a percepción das súas competencias pola poboación.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Equipo de profesionais: coordinación xeral, persoal de administración; profesionais de atención directa na vivenda (3 técnicos/as de apoio)

Materiais:

1. Sede da Fundación Down Compostela ubicada na Rúa Alejandro Novo González, nº 1 en Santiago de Compostela como central do traballo administrativo
2. Vivenda sita na rúa Estocolmo do Polígono das Fontiñas en Santiago de Compostela, onde de desenvolve a proxecto. A vivenda consta de:

- 4 habitacións/dormitorios completamente amoblados
- Cociña totalmente equipada
- Salón comedor
- 2 cuartos de baño, un deles con adaptacións para persoas con mobilidade reducida
- O inmovible onde está situada a vivenda conta de ascensor e praza de garaxe.

3. Medios para o seguimento do proxecto:

- Rede de internet.
- Plataformas de vídeo chamada.
- Material funxible.
- Equipos informáticos.

4. Bens perecedoiros para o desenvolvemento de actividades de fomento da autonomía (alimentos)

5. Outros recursos materiais:

- Teléfono.
- Material funxible.
- Material de oficina.
- Material propio dun fogar.
- Pequenos e grandes electrodomésticos

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Cada unha das persoas beneficiarias do proxecto ten un rexistro de seguimento onde quedan detallados os obxectivos a traballar, o punto de partida o inicio de proxecto e a evolución o longo do desenvolvemento do mesmo. A Fundación Down Compostela emprega o programa *MNProgram* para o rexistro dos obxectivos persoais de cada persoa usuaria, a traballar no proxecto.

Satisfacción dos grupos de interese: o rematar o proxecto pasaránselles as persoas beneficiarias e as súas familias, enquisas de satisfacción para ter datos cualitativos e cuantitativos sobre a satisfacción co mesmo.

Avaliación :

Indicadores:

- I.1.- Porcentaxe de persoas beneficiarias do proxecto que participan activamente nas experiencias de vida independente
- I.2.- Porcentaxe de persoas beneficiarias do proxecto que avanza na consecución dos obxectivos delimitados no rexistro de seguimento
- I.3.- Porcentaxe de familias das persoas beneficiarias do proxecto asesoradas e informadas

Resultados agardados:

R.A.1.- Que o 80% das persoas beneficiarias participe activamente nas experiencias de vida independente (que rematen a permanencia no proxecto).

R.A.2.- Que o 80% das persoas beneficiarias avance na consecución dos obxectivos delimitados no rexistro de seguimento

R.A.3.- O 100% das familias das persoas beneficiarias informada e asesorada

VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR

Ao igual que para anos anteriores, envíase unha carta explicativa do proxecto ás familias das persoas usuarias informando da colaboración do Concello de Santiago de Compostela. Do mesmo xeito, publícase unha nota informativa na web da entidade (www.downcompostela.org). Por último, colocáronse carteis informativos na sede da entidade e na vivenda de Fontiñas.

DATAS

DO 1 DE XANEIRO A 30 DE SETEMBRO 2025

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

1. NOME DA ACTIVIDADE: PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE: “ESTO É VIDA”

DESCRIPCIÓN.

Fase I: Aviso e Información (repítese cada vez que hai persoas novas candidatas)

Farase reunión coas familias e as persoas usuarias candidatas a entrar no proxecto para facilitarlles toda a información e resolver posibles dúbidas. Logo farase a selección das persoas participantes e xestión e tramitación de toda a documentación necesaria (normas, contrato de compromiso, informes médicos, etc., etc).

Fase II: Pre-Vivenda (só aplica no caso de que todas as persoas que se incorporen sexan novas)

Son reunións de traballo no piso, todos os xoves de 16:00 a 20:00h para organizar a posta en funcionamento da vivenda, a compra de todos o necesario, a negociación das normas de convivencia, etc., etc.

Fase III: Pernocta escalonada-Incorporación á Vivenda (cada vez que se incorpora unha nova persoa)

Nesta fase incorpóranse as persoas usuarias de xeito progresivo. Faise esta proposta que pode ir modificando en función das necesidades que se detecten.

As actividades de previvenda seguiranse mantendo para todas as persoas usuarias, ca única diferenza que en dous xoves consecutivos iran incorporando as persoas usuarias a pernoctar progresivamente, co obxectivo final de vivir con normalidade e cos apoios necesario na vivenda.

Fase IV: Estancias de luns a venres.

Realizaranse reunións no piso “Asamblea de compañeiros” para planificar a compra e o menú semanal, repartir tarefas e organizar as actividades semanais tanto dentro da vivenda como fóra. (Desfacer equipaxe. Organizar lista da compra. Ir o súper. Facer a cea. Organizar a semana.) Todos os luns de 17:00 -20:00.

-As pernoctas son de luns a xoves.

-Venres xantarán na vivenda e acudirán os grupos respectivos de ocio, no caso de que queiran ir, senón regresarán o seu domicilio familiar.

-Regreso a vivenda os luns as 17:00 da tarde, para a ASAMBLEA DE COMPAÑEIROS:

-Deste xeito nesta fase as estancias na vivenda serían dende os luns as 17:00 ata o venres as 16:30.

Fases V, VI e VII: Retirada gradual de pernoctas. Seguimento e supervisión.

Na fase V retirárase 1 noite para na Fase VI retirar unha mais. Irase facendo de xeito escalonado ao igual que na fase inicial, ata chegar a última fase (fase VII) de seguimento e supervisión.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE:

OBXECTIVO XERAL.

O obxectivo principal da actividade é facilitar ás persoas participantes unha vivenda e as estratexias necesarias para poder levar a cabo unha experiencia de vida Independente con apoio, fomentando a autodeterminación, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento pleno do rol de persoa adulta.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS .

- Potenciar a autonomía persoal e o benestar da persoa.
- Favorecer unha autodeterminación real. Que as decisións e elección das persoas usuarias sexan propias.
- Decidir cómo queren vivir e respetalo.
- Ofrecer unha experiencia de vida fóra do domicilio familiar.
- Construír un proxecto de vida propio.
- Empregar os apoios naturais (familia, traballo, comunidade..) co obxectivo de construír unha rede de apoio natural e o máis estable posible.
- Fomentar a axuda entre iguais.
- Autoxestionarse (cartos, alimentación, traballo, ocio)
- Aprender a resolver conflitos de xeito natural.

PERSOAS DESTINATARIAS, NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Serán catro as persoas beneficiarias da Fundación Down Compostela con mais de 18 anos que queiran participar voluntariamente no proxecto e que tamén sexan beneficiarias do programa de Emprego con Apoio con un contrato laboral vixente.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Vivenda en cesión polo IGVS en Fontiñas (Rúa Estocolmo, nº 10-3º L en Santiago de Compostela)

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

- 1º Manter unha reunión informativa coas familias e persoas usuarias.
- 2º: Seleccionar as novas persoas participantes.
- 3º Realizar as entrevistas para a recollida de datos.
- 4º Xestión e organización de toda a documentación que deben cubrir e firmar as familias e participantes.

5º Calendarización da entrada na vivenda. Nesta actuación contémpanse as sesións de PRE-Vivenda e a Pernocta escalonada.

6º Avaliación do programa.

7º Propostas de mellora.

Avaliación das persoas beneficiarias.

1. Deseño dos rexistros individuais.
2. Implementación das actividades na vivenda familiar e na súa contorna con apoio do persoal profesional.
3. Desenvolvemento das estancias en quendas de participantes na vivenda de Fontiñas.
4. Información continua as familias.
5. Enquisas de satisfacción ás persoas usuarias e familias.
6. Avaliación individual final e resultados globais do proxecto, os cales se especifican no apartado de resultados obtidos.

Áreas:

- Coidado persoal: comprende habilidades relacionadas co aseo, vestido, hixiene e aparencia persoal.
- Tarefas domésticas de limpeza
- Preparación e cociñado dos alimentos. Elaboración de dieta equilibrada.
- Planificación e orzamento da compra e gastos derivados da vivenda.
- Seguridade no fogar
- Comunidade e contorna social: inclúe habilidades relacionadas coa utilización axeitada dos recursos da comunidade: transporte, comercio, servizos públicos, normas de urbanidade...
- Saúde e Seguridade: inclúe habilidades relacionadas co mantemento da saúde: comer, recoñecer cando se está enfermo, primeiros auxilios...
- Habilidades sociais: habilidades relacionadas cos intercambios sociais con outras persoas.
- Xestión do tempo de lecer

Todos estes parámetros serán avaliados durante o proxecto e traballarase co fin de capacitar as persoas usuarias en cada un deles de xeito que alcancen as maiores cotas posibles de autonomía.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

- 1.- Equipo de profesionais da Fundación Down Compostela
- 2- Sede da Fundación Down Compostela (Rúa Alexandro Novo González, nº 1 de Santiago de Compostela)
- 3-Vivenda en cesión polo IGVS en Fontiñas
- 4-Medios para a realización telemática do proxecto (tabletas, ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, conexión a internet...)
- 5-Bens perecedoiros necesarios para a alimentación
- 6.- Outros equipamentos para a vivenda de Fontiñas, teléfono, material de oficina...

DATAS

.-Inicio: 01/01/2025 Fin: 30/09/2025

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2025, achegará á **FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA**, a cantidade de **QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 4800019/2025**.

Esta achega económica municipal, e a propia concesión da subvención directa nominativa está excluída do procedemento ordinario de concesión de subvencións de concorrência competitiva e encádrase dentro das subvencións nominativas previstas no Anexo das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o 2025 e, por tanto, é obxecto de concesión nominativa, conforme dispón o artigo 22.2.a), da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En canto á imputación orzamentaria ao capítulo 4, este fundaméntese en que o obxectivo perseguido polo Concello é a promoción e fomento dun proxecto realizado por unha entidade allea ao mesmo, compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo programa, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se exceda en tal caso do 100% do custo da actividade subvencionada.

A achega económica municipal para o desenvolvemento do convenio abonarase tras a súa sinatura, mediante pago anticipado e non se esixirá a beneficiaria a obriga de prestar garantías, de conformidade co establecido no artigo 42.2.d) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, por tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve un proxecto de acción social.

En todo caso, a achega correspondente a vixencia deste convenio, queda supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

Se o custo total da actividade fose inferior ao importe do financiamento público, procederá ó reintegro do importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do RLXS.

CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto de subvención e se leven a cabo entre o 01 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025, incluíndo os efectuados antes da sinatura do convenio, tales como gastos de persoal, de profesionais, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc.

En todo caso, deberá acreditarse de xeito fidedigno no xustificante de gasto que está directamente relacionado coa actividade e que está efectivamente pagado antes da data de finalización da vixencia do convenio.

4.1 GASTOS SUBVECIONABLES:

A) GASTOS DE PERSOAL Poderán imputarse, os gastos derivados da contratación de servizos persoais xa sexa de forma fixa ou temporal: salarios ou nóminas, IRPF e seguros sociais. En función da modalidade de prestación dos servizos ou actividades, diferéncianse os seguintes:

A.1)- Contrato laboral: deberá presentarse o correspondente contrato de traballo, de acordo coa normativa pola que se rexa, no que se deberán especificar as circunstancias previstas na normativa de aplicación:

- Tarefas a desempeñar
- Modalidade de contratación
- Categoría profesional
- Salario

Imputando o bruto da nómina:

- ☐ Nómina que terá como imutación o total devengado a percibir polas persoas contratadas. Deberá achegar o recibo de transferencia bancaria.
- ☐ Seguros sociais: son os que proporcionalmente correspondan á empresa polo tempo realmente dedicado á execución do proxecto de que se trate. Será obrigatoria a presentación dos documentos RLC e RNT debidamente validados correspondentes ao mes no que o/o traballador/para dedica ao proxecto: detallando a cantidade para imputar correspondente á empresa e o seu xustificante de pago. A parte correspondente ao traballador xa se imputou na nómina, xa que este concepto forma parte do total devengado.
- ☐ IRPF: Deberá así mesmo presentar o impreso 111 do IRPF correspondente, para a súa comprobación, e o seu xustificante de pago. Non se imputa contía xa está incluída na nómina, este concepto forma parte do total devengado.

NON terán a consideración de gastos subvencionable os orixinados por:

- ☐ As persoas membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades polo desempeño do seu cargo, salvo as excepcións contempladas na Lei de Asociacións.
- ☐ As penalizacións ou compensacións por incumprimentos de contrato, achacables á entidade beneficiaria da subvención, entre os que se inclúen os gastos por despedimentos.
- ☐ As recargas por falta de pagamento ou atrasos en impostos retidos ou seguridade social.
- ☐ Os gastos imputados no proxecto, por contratación ou prestación de servizos, realizados por persoas membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades. .En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención. Só se admitirán como xustificables ou elixibles, relacións laborais por prestación de servizos en réxime de asalariado (traballador social, psicólogo,...) a condición de que, os cargos directivos non estean remunerados por exercer o devandito cargo e conste de forma expresa nos seus estatutos ou acordo da Xunta Directiva e no proxecto onde se solicita a subvención.

A.2) Os honorarios de profesionais que realicen funcións de execución directa do proxecto, tales como identificación de accións, seguimento de actuacións, execución de actividades ou avaliación.

O persoal non vinculado coa entidade poderá impartir talleres, conferencias e docencia, sempre que cumpra co requisito de impartición esporádica.

Deberá presentar:

- ☐ Factura no que conste o concepto detallado da actividade formativa, taller....realizada, coas correspondentes retencións IRPF, e xustificante de pago.
- ☐ Fotocopia do DNI.
- ☐ Modelo 111 de ingreso de retención de IRPF, especificado como rendemento do traballo ou Resumo anual, modelo 190 de ingreso por retención de IRPF, coa relación anual de perceptores e xustificante de pago.
- ☐ Declaración Responsable na que se faga constar os requisitos mencionados (impartición esporádica e non superar o salario mínimo profesional anual).

En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención.

B) Alugueiro de inmobles. Establécese un límite máximo de imputación, que por defecto, non poderá superar, en ningún caso, o 25% do importe da subvención, aínda que esta limitación non será aplicable aos gastos correspondentes ao arrendamento de pisos destinados á acollida de persoas vulnerables.

Será considerado custo directo soamente se o espazo é utilizado para a execución directa das actividades do proxecto.

Tipo de alugueiros:

- ☐ Alugueiro de oficina ou local para realización de actividade.
- ☐ Alugueiros necesarios para o desenvolvemento da actividade (equipos de son, instalacións deportivas e culturais, mesas, cadeiras....).

Deberá presentar factura correspondente e xustificante de pago. No caso de alugueiros de oficinas ou locais dita factura incluírá o importe do alugueiro, o IVE e:

- ☐ A retención de IRPF cando quen arrenda sexa persoa física e, ademais, a persoa arrendataria estea incluído nalgún dos supostos do artigo 76 do Regulamento do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF). En resumo, teñen a obrigaón de reter os/as arrendatarios/ as que sexan persoas xurídicas.
- ☐ As retencións do Imposto de Sociedades. Nos casos en que quen arrenda estea sometido ao Imposto de Sociedades, a persoa inquilina practicará retención con cargo ao Imposto de Sociedades.

Para o caso de alugueiro de local habitual é necesaria a presentación do contrato de arrendamento, así como os impresos 115 e 180 de retencións fiscais para arrendamentos urbanos.

C) Contratación de seguros “ad hoc”, esixidos como condición para a cobertura ordinaria de persoas e bens afectados polo proxecto ou actividade subvencionada.

Neste concepto inclúese o importe das pólizas ou primas por responsabilidade civil e risco de accidentes, que puidesen producirse como consecuencia da realización das actividades subvencionada, (asistencia ás accións formativas, visitas didácticas, eventos...)

É necesario presentar a póliza, a relación das persoas aseguradas e a factura co seu xustificante de pago.

D).- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN.-Son os gastos relacionados con reparacións de equipos de oficina e os elementos do inmovilizado, para emendar un menoscabo producido por causas fortuítas ou accidentais e polo seu uso, sempre que non afecten á súa estrutura e estean relacionados directamente coas actividades subvencionadas. Tamén se incluírán os gastos relacionados coa limpeza de local ou similares. Deberá presentar factura detallada e xustificante segundo a forma de pago realizada.

A.6.- MATERIAL FUNXIBLE.-Son aqueles que se esgotan coa conclusión do mesmo. Inclúiranse nesta partida todos aqueles gastos correspondentes a consumibles informáticos, material de oficina, material de formación... Deberá presentar factura detallada e xustificante de pago segundo a forma de pago realizada.

A.7.- SUBMINISTRACIÓNS.-Gastos de subministracións relacionadas co proxecto, non inventariables: auga, luz, gas, teléfono, internet e similares.

Normalmente están compartidos con outros proxectos ou coas tarefas propias do funcionamento da entidade. Se se imputan ao proxecto gastos deste tipo deberase contemplar na xustificación os criterios seguidos para a súa imputación, en base a que criterios ou variables repártense os gastos e o cálculo das porcentaxes imputadas. Á marxe dos criterios de imputación que elixa a entidade para a imputación destes gastos, debe sempre terse en conta o seguinte:

- ☐ Non serán subvencionables os consumos ou gastos que tivesen lugar fora do período de realización do proxecto, por tanto, terase en conta o período facturado que apareza na factura.
- ☐ Os gastos deben corresponder a consumos realizados nos locais onde se desenvolve o proxecto ou consumos relacionados dalgún modo con el.

